




PDI: “DESCUBRINDO AS CORES DO MUNDO. UNHA VIAJE EN GLOBO”


CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

CURSO 2016/17



ÍNDICE

- 1. Introducción**
- 2. Obxecto ou temática de investigación**
- 3. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta**
- 4. Documentación elaborada**
- 5. Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado**
- 6. Recursos e fontes utilizadas**
- 7. Implicación da comunidade educativa.**
- 8. Difusión entre a comunidade educativa.**
- 9. Avaliación. Procedementos empregados**
- 10. Función e participación da biblioteca escolar.**



I. INTRODUCCIÓN

1.1. Xustificación

“Descubriendo as cores do mundo. Unha viaxe en globo” é o título do Proxecto Documental Integrado que propuxemos este ano dende a biblioteca.

Coma todos sabemos, un PDI (Proxecto Documental Integrado) é “un pequeno traballo de investigación no que o alumnado, ademais de indagar sobre un tema ou problema concreto, se familiariza cos mecanismos de busca de información e traballo intelectual, empregando para elo os recursos documentais de biblioteca escolar” Rosa Piquín.

A biblioteca, a través do PDI, pretende favorecer o desenvolvemento dos contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, conectar distintas áreas de aprendizaxe e impulsar prácticas metodolóxicas activas que axuden a acadar as competencias clave. Especialmente debemos favorecer a adquisición da competencia informacional (ALFIN, tratamento da información e competencia dixital), un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata hai un tempo. Defínese a alfabetización múltiple como a “comprensión, utilización e avaliación crítica de direrentes formas de información, incluídos os textos e imaxe, escritos, impresos ou en versión electrónica”...”competencia esencial para a vida” e que “é a porta cara ó resto das aprendizaxes”. Toda esta parte teórica tiñámola moi clara e estabamos convencidos dela e da necesidade dun cambio metodolóxico.

O tema do noso PDI segue un camiño trazado dende anos atrás para acadar desenvolver unhas competencias que fagan das nosas nenas e nenos persoas máis completas, abertas, con matices (cores), flexíbeis, solidarias, empáticas, soñadoras e críticas.

No curso pasado o tema foi “Para que algo suceda primeiro hai que soñalo” no que animamos as nosas rapazas e rapaces a soñar e traballar para acadar os seus soños, moitas veces en equipo e este curso partimos desa idea. Todos xuntos lles axudamos a Leo e Mariña a acadar un soño: facer unha viaxe polo mundo nun globo de papel, coma o de Betanzos. Eles pedíronnos axuda a través dunha carta e apartires de aí comezamos a andar.

1.2. Temporalización


A idea do proxecto nace a finais do curso pasado tras varias reunións interequipos: D.O, Dinamización Lingüística, Tics, Voz Natura, Actividades extraescolares e complementarias, Unitarias Adscritas e Biblioteca. Nesas reunións naceu a idea de involucrar a todo o claustro no PDI e facer del o tema sobre o que xiraría toda a vida e actividades do colexio.

En setembro madurada a idea preséntaselle ó cluastro (<http://pdi-valesvillamarin.blogspot.com.es/2016/09/descubriendo-as-cores-do-mundo-unha.html>).

O proxecto divídese en tres partes, unha por trimestre, e en cada parte haberá unha fase motivación, investigación e exposición e comunicación do aprendido.

No primeiro trimestre: conto motivador “Unha montaña de amigos” contado pola orientadora a todos os cursos, recepción da carta de Leo e Mariña (as nosas mascotas da biblioteca),





comezo da investigación sobre cada país, recepción dunha Caixa con alimentos típicos de cada país, investigación sobre a gastronomía e divulgación do aprendido (exposicións polos corredores, elaboración de receitas, degustacións...). Investigación sobre persoas con algún tipo de discapacidade de cada país e divulgación do aprendido para conmemorar a data do 3 de decembro.

No segundo trimestre: para celebrar a Paz, investigación sobre mulleres pintoras de cada país e unha exposición de cadros polos corredores, no entroido descubrir a música e a danza dos países, coa inestimable colaboración das mestras de Educación Musical, e amosar o aprendido no pasarrúas que se organizou no parque do Pasatempo de Betanzos aberto a toda a comunidade educativa. Para conmemorar o 8 de marzo investigación sobre mulleres destacadas de cada país.

No terceiro trimestre unha gran actividade de recompilación de todo o aprendido e elaboración dun tríptico para Leo e Mariña, coa información máis relevante de cada país. Preparación dunha gran exposición oral de todo o aprendido para toda a comunidade educativa. Descubrir a historia que hai detrás do globo de Betanzos, contada por Emiliio Pita (herdeiro de Claudino Pita, que fixo o primeiro globo de papel en homenaxe a San Roque, en 1875) e aprender a facer un.

1.3. Alumnado e profesorado participante

Este proxecto púidose levar a cabo grazas á implicación de todo o profesorado (67), o alumnado (993 entre infantil e primaria) e a colaboración das familias.

As mestras e mestres fixeron seu o proxecto, involucráronse nel, introducíndoo na súa programación de aula. Dende as titorías e os especialistas elaboraron diferentes tarefas, materiais que se desenvolveron ó longo de todo o curso.

Tamén formaron parte deste proxecto as dúas escolas unitarias de Coirós, adscritas a este centro.

O alumnado estivo motivado e implicado durante todo o curso na realización das tarefas e actividades propostas.

1.4. Organización para a súa realización

Este proxecto púidose levar a cabo nun centro das nosas características (993 alumnos e 67 mestres) grazas o traballo en equipo de todos, coordinados por: Equipo de Dinamización Lingüística, TICs, D.O, Voz Natura, Biblioteca, Equipo Directivo.

Todas as actividades propostas dende os diferentes equipos estiveron relacionadas co PDI vendo o resultado final nas diferentes exposicións que se fixeron ó longo do curso e, especialmente, na exposición final feita polos corredores.

1.5. Competencias clave

Competencia lingüística (CCL): a través das exposicións fomentouse a mellora da expresión oral e a comprensión oral, a través da procura de información traballouse a comprensión lectora en distintos soportes, así coma a lectura de imaxes: a expresión escrita a través da elaboración de distintos tipos de textos (receitas, trípticos, biografías, textos descritivos, poesías, contos...).



Competencia matemática e básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT): desenvolveron esta competencia a través da investigación dos datos xerais dos países (extensiones, distancias, moedas, poboación), corpos xeométricos (forma do globo, pirámides, a través da arte das distintas pintoras...), medidas (para ver as dimensións reais do globo),

Competencia dixital (CD): utilizáronse e fomentouse o uso das Tics a través da procura da información, moitos dos recursos que facilitou a biblioteca foron neste formato, que seleccionou fontes fiables. Na fase de divulgación tamén se empregaron na elaboración dos trípticos, vídeos de presentación dos países coma Perú.

Aprender a aprender (CAA): dende o primeiro momento do proxecto as nenas e nenos tiveron que plantexarse que sabían xa e que precisaban aprender para poder axudar a Leo e Mariña, onde buscar información e como buscala.

Implicaba un proceso de planificación, organización e desenvolvemento do traballo e avaliación do proceso. Tiveron que contrastar datos, facer esquemas, mapas conceptuais,..

Competencias sociais e cívicas (CSC): ó longo de todo o proxecto os nenos e nenas fóronse facendo conscientes de que as diferencias que hai entre os países e as distintas culturas o único que fan é enriquecernos, e só coñecendoas podémolas afrontar e valorar. A pesar diso tamén descubriron que outros valores nos unen e son universais como o amor, a paz, a arte, a superación, a loita pola igualdade de xénero.


As nenas e nenos compartiron cos compañeiros e isto fomentou o respecto polo traballos dos demais e a colaboración no traballo a nivel grupal.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): no momento de facer a exposición os nenos e nenas decidiron como facela, que presentar, como darse paso, que dicir, que actividades facer.

Competencia expresións culturais (CCEC): a exposición de final de curso foi unha recompilación de todo o traballo de investigación feito. Os corredores estaban cheos de cadros das distintas pintoras, feitos por eles, muráis con datos xerais dos países, recunchos que representaban lugares típicos do país (selva amazónica, boque autóctono galego, zoco), instrumentos musicais, etc. Para elaborar isto empregáronse distintas técnicas plásticas e distintos materiais e favoreceuse o desenrolo da creatividade.

1.6. Obxectivos e criterios e estándares de avaliación

- Promover a colaboración de toda a comunidade educativa e a idea de que todos xuntos podemos traballar en equipo (a pesar do noso tamaño e dispersión)
- Facer da biblioteca o centro vertebrador das actividades do colexio e lugar de investigación e construtor de aprendizaxes
- Propiciar un cambio metodolóxico no profesorado baseado no ABP
- Coñecer outros países (ubicación, moeda, idioma, relixión, dimensións, lugares de interés)
- Descubrir novas receitas e alimentos.
- Coñecer novos instrumentos, danzas e músicas doutros países.



- Descubrir persoas con distintas capacidades
- Coñecer novas pintoras e observar e reproducir os seus cadros.
- Producir distintos tipos de textos e lecturas comprensivas de textos informativos e narrativos relacionados co país.
- Localizar e utilizar a información obtida de distintas fontes e soportes
- Transmisión e difusión dos contidos investigados ós demais
- Aprender a valorar e respectar o traballo dos demais

Estes obxectivos cada mestre tivo que concretalos na súas programacións e avalialos a través dos distintos estándares de cada nivel máis axeitados.

1. OBXECTO PROPOSTO

O PDI “Descubriendo as cores do mundo. Unha viaxe en globo” propónse dende a biblioteca para que todas as aulas de cada nivel (5 por nivel), leven a cabo un proxecto de investigación sobre un determinado país para axudarlle a Leo e Mariña a preparar a súa viaxe facéndolle un tríptico coa información máis relevante de cada país que ía visitar. Así mesmo axudaronlle na confección dun globo de papel coma o de Betanzos. A distribución foi a que segue:

- 3 anos: Nubaris (país inventado por eles)
- 4 anos: Exipto
- 5 anos: Italia
- 1º EP: Brasil
- 2º EP: Betanzos (investigan sobre Betanzos para que Leo leve polo mundo adiante na súa viaxe, todo o que aquí temos e nos veñan coñecer)
- 3º EP: Venezuela
- 4º EP: China
- 5º EP: Marrocos
- 6º EP: Perú
- Departamento de Inglés: EEUU

O produto final é transformar o cole nunha gran Expo. Cada corredor adicado a cada país no que os nenos terán dous papeis: un día expor o aprendido ós demais e outro visitar os países. Para facer esta gran Expo fixeron falla 5 días para que todos puideran participar.

3. DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O PDI estruturouse en tres partes correspondentes os tres trimestres:

1º trimestre: Motivación, recompilación e investigación sobre datos xerais do país, persoas con discapacidade e comida, exposición do traballo realizado polos corredores, blogs.

2º trimestre: recompilación de información e investigación sobre mulleres artistas, traxe, danza e música, e mulleres importantes do país (doutro ámbito que non fora a arte) para logo expoñer os traballos realizados polos corredores e amosalo no Antroido

3º trimestre: investigación sobre o globo, análise e resumo de toda a información para elaborar o tríptico final para Leo e divulgación aprendido ás demais compañeiras e compañeiros doutros niveis, a nosa Expo.



1º TRIMESTRE:

- *Motivación*

Lectura do conto “Una montaña de amigos” e chegada da carta de Leo ou Fada Mariña

- *Recompilación de información de todos os países*

Elaboramos 9 Pearltrees onde recolleamos os recursos dixitais que consideramos axeitados para os nenos. Todos os colgamos no blogue na lapela PDI.

Colocamos na biblioteca unha exposición permanente de libros sobre os distintos países. Todos os libros os marcamos coa bandeira/s do país sobre o que contiña información. Supuxo unha grande inversión.



Invitamos a todas as mestras e mestres a vir a biblioteca a ver a exposición con un pouco de bo humor. Repartimos uns vales e tiñan que vir canxealo á biblioteca. Os que viñeron recibiron un bombón e unha visita pola exposición.

Pouco a pouco fóronse enchendo os corredores con traballos feitos polos distintos cursos sobre os seus países. Este traballo gravouse en audio e difundíuse polo equipo de Dinamización da Lingua

- *Investigación sobre os alimentos*

No mes de novembro, as nenas e nenos recibiron unha carta de Leo onde lles pedía axuda para investigar sobre un alimento. A cada aula lles fixemos chegar unha caixa cun alimento típico ou orixinario do seu país

| | |
|-----------|----------|
| BRASIL | FREIXOA |
| BETANZOS | REPOLO |
| VENEZUELA | PIÑA |
| CHINA | LARANXAS |
| MARROCOS | DÁTILES |
| PERÚ | PATACA |



Así mesmo, lles propoñía que descubriaran receitas para elaborar con eses alimentos.

Dende a biblioteca lles facilitamos recursos dixitais para investigar, elaborando un mapa interactivo, ademais dos bibliográficos.

- *Investigación sobre persoas con discapacidade. 3 de decembro*


Para lembrar, coñecer, e , na medida do posible, sentir e poñernos na pel das persoas con algún tipo de discapacidade, propuxemos ós distintos niveis que investigaran sobre persoas con algún tipo de discapacidade do país traballado.

A biblioteca elaborou unha guía de lecturas recomendadas e recuperamos unha doutros anos.

2º TRIMESTRE:

- *Investigación sobre mulleres artistas. Día da Paz*

Invitamos a todos a “perpensar” (percibir, pensar e sentir) a través da arte feita por mulleres dos países que se estaban a investigar. Dende a biblioteca fixemos unha selección de Mulleres artistas que proporcionamos á comunidade educativa un “Pearltrees” con información sobre elas, arte, curtas...



Elaboramos un gran mural que colocamos na entrada do edificio principal do colexio e invitamos a que todos os cursos expuxeran os seus traballos polos corredores.



Investigación e representación da danza e música dos países e Entroido


As encargadas de levar a cabo esta parte do proxecto foron as mestras de música durante todo o curso, en colaboración coas titoras e titores. Grazas o seu traballo descubriron distintos instrumentos do mundo e distintas músicas e danzas. Unha pequena mostra do seu traballo puidémola ver no Entroido e outra na Expo final.



Investigación sobre mulleres . 8 de marzo

Para traballar o día da muller e seguindo na nosa liña de poñer en valor o traballo das Mulleres polo mundo, fixemos a actividade prevista e explicada a comezo de curso cando se presentou o PDI.

Proporcionamos a cada nivel/país unha ou varias mulleres sobre as que investigar.



Así mesmo proporcionamos recursos dixitais interactivos feitos con glogster e elaboramos un libro interactivo con Genially e recursos bibliográficos.

Tamén elaboramos outro mural que colocamos á entrada do edificio principal do colexio.




Para animar os nenos a investigar, non só das mulleres do seu país se non un pouco de todas fixemos un pequeno concurso. Nel tiñan que contestar unhas preguntas sobre unha muller e a información podían atopar nos recursos dixitais do blogue. Participaron un centenar de rapaces.

3º TRIMESTRE:

Investigación e creación do globo de Betanzos

Para levar a cabo esta parte do proxecto contamos coa colaboración de Emilio Pita, actual responsable de facer o globo de Betanzos e neto de Claudino Pita, que en 1875 fixo o primeiro



globo en honor a San Roque. Desinteresadamente, e durante case dúas semanas, veu 3 horas ó día a explicar a todos os cursos de primaria (30 unidades) a historia do globo e como se fai.

• *Síntese e reelaboración da información. Tríptico*

Con todo o investigado e aprendido durante este curso, as nenas e nenos tiveron que facer un tríptico coa información máis relevante para que Leo levase na súa viaxe para estar ben informado.

A biblioteca proporcionou ós niveis un modelo de tríptico que cada un puido adaptar ás súas necesidades.



Solicitouse a colaboración do D.O para a elaboración dun logo que resumise a idea do proxecto vista polos nenos . Escolleuse o que se amosa a continuación e incluíuse en todos os trípticos e nunha pegatinas que se elaboraron con posterioridade.



• *Exposición final do traballo de investigación. Expo*



Dende o 29 de maio ó 9 de xuño fíxose a Expo final. A actividade na que se resume todo o traballo de investigación feito polas alumnas e alumnos do colexio e na que eles son os protagonistas, ó transmitirla a todos os demais membros da comunidade educativa.

Esta actividade preparouse dende varios meses atrás, reservando esta semana, para que todos estivésemos para poder facela. As avaliacións de 3º nivel, trastocaron os planes pero puidemos solventalo.

A actividade consistiu en que cada aula de cada nivel, fai unha visita guiada ás demais aulas dos diferentes

niveis polo seu corredor, explicando todo o aprendido e traballado do seu país. Os corredores non só amosan os traballos feitos, se non que algúns se engalanan e as nenas e nenos se visten cos traxes típicos do país, para facer a visita máis amena e realista.

Nesta actividade tamén participan os alumnos de infantil que veñen visitar tres países soamente, para eles diseñamos unhas actividades máis activas e participativas. Previamente dende a biblioteca envióuselles información sobre os países: China, Betanzos e Brasil e indicóuselles ás titoras as actividades para que os nenos puidesen aproveitar mellor a visita.

As alumnas e alumnos de Primaria visionan o traballo feito polas compañeiras e compañeiros de infantil ó rematar a Expo cada día.





4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

4.1. Profesorado

- Presentación coas fases, temporalización e tarefas programadas ao longo do curso repartidas en trimestres
- Pearltrees, geniallys, glogsters con recursos dixitais sobre cada país
- Cartas de Leo e Mariña
- Modelo de tríptico
- Dossier de organización da Expo
- Avaliación do traballo da biblioteca

4.2. Alumnado

- 4.2.1. Pearltrees, geniallys e glogsters con recursos dixitais sobre cada país
- 4.2.2. Xogos multimedia
- 4.2.3. Caixas con alimentos
- 4.2.4. Murais anunciando as distintas actividades
- 4.2.5. Preguntas para o concurso das Mulleres

5. TAREFAS MAIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

As nosas alumnos e alumnos foron os protagonistas de todo o proceso pero especialmente na fase final de divulgación, cando realizamos a Expo. Sentímonos moi orgullosos deles e demostráronnos que son capaces de moito máis do que, ás veces, lles deixamos expresar. Todos tiveron voz e con moitos nervios, eso sí, gozaron dunhas xornadas inolvidables.

- Proxectos de investigación sobre os distintos países coa correspondente busca e selección de información, reestructuración e divulgación.
- Elaboración de receitas típicas dos distintos países e gravación das mesmas (audio e vídeo)
- Elaboración de carteis con información sobre persoas con discapacidade de cada país.
- Elaboración de murais con información xeral de cada país.
- Elaboración de murais con información da música de cada país.
- Gravación de audios e un vídeo con información dos países.
- Reprodución de cadros das distintas pintoras de cada país.
- Elaboración de instrumentos musicais.
- Elaboración de animais seguindo distintas técnicas para decorar a selva amazónica do Brasil.
- Elaboración dos arcos da danza dos Arcos dos Mariñeiros de Betanzos.
- Elaboración de murais da paz, da muller, da Expo.
- Elaboración e deseño de trípticos.
- Deseño do logo da Expo.
- Elaboración dos cuarteróns cos que se fixo o globo de Betanzos.
- Preparación das exposicións orais como guías de cada país.

6. RECURSOS E FONTES UTILIZADAS

Dende outubro ata final de curso houbo unha exposición permanente na biblioteca con libros e revistas sobre os distintos países. Os libros que se podían atopar eran tanto libros de información coma ficción. Na portada de cada libro colocouse a bandeira do país ou países os



que facía referencia o libro. Levar a cabo esta mostra supuxo un gasto importante xa que non tiñamos recursos suficientes e de calidade dalgúns dos países.

Fixéronse varias exposicións temporais para traballar aspectos sinalados como a discapacidade, o amor, as viaxes, a muller ou a pintura.

No blogue fixose un gran traballo de recompilación de recursos dixitais sobre cada país:

<http://recursos-educativos-vales.blogspot.com.es/search?updated-max=2017-05-11T12:26:00%2B02:00>

Elaboramos 9 Pearltrees onde recolleemos os recursos dixitais que consideramos axeitados para os nenos. Todos os colgamos no blogue na lapela PDI.



<http://pdi-valesvillamarin.blogspot.com.es/search?updated-max=2016-11-29T13:33:00%2B01:00&max-results=10&start=10&by-date=f>

Tamén elaboramos xogos interactivos :


<http://blogdeleovalesvillamarin.blogspot.com.es/2016/11/xogamos.html>

<http://pdi-valesvillamarin.blogspot.com.es/2016/11/xogamos-no-pasatempo.html>

<http://pdi-valesvillamarin.blogspot.com.es/2016/11/xogamos-con-italia.html>

Recursos dixitais para investigar sobre os alimentos, elaborando un mapa interactivo

<http://pdi-valesvillamarin.blogspot.com.es/2016/11/informacion-sobre-alimentos.html>



Unha guía de lecturas recomendadas para a data do 3 de Decembro e recuperamos unha doutros anos.

<http://blogdeleo-valesvillamarin.blogspot.com.es/2016/12/dia-internacional-das-persoas-con.html>

Para a Paz Mulleres proporcionamos á comunidade educativa un “Pearltrees” con información sobre elas, arte, curtas...


<http://blogdeleo-valesvillamarin.blogspot.com.es/2017/01/dia-da-paz.html>

Para o día 8 de Marzo proporcionamos recursos dixitais interactivos feitos con glogster e elaboramos un libro interactivo con Genially e recursos bibliográficos.

<http://recursos-educativos-vales.blogspot.com.es/2017/03/mulleres-do-mundo.html>

<http://recursos-educativos-vales.blogspot.com.es/2017/03/mulleres-de-exipto-e-italia.html>





7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o alumnado e profesorado así coma familiar participaron no desenvolvemento do PDI.

Conseguimos traballar todos xuntos a unha, cara unha Exposición final. O grado de implicación variou duns niveis a outros pero todos introduciron o PDI na súa programación de aula e avaliaron. Sentímonos moi orgullosos diso. A persar das reticencias, dúbidas todos “nos tiramos a piscina” e, coma na vida mesma nun día de verán, uns mergulláronse, outros nadaron e outros meteron os pés.

Non fomos que de facer a Exposición para as familias poque nos sobrepasaban as posibles visitas e a organización de tal evento. Algunhas reclamárono pero neste curso foi inviable, pódeno ver a través dos vídeos que fomos colgando no blogue.

As nenas e nenos todos tiveron algo que amosar na Expo, todos a desfrutaron e sen dúbida, todos a lembrarán.

SÓ GRAZAS!!

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Todos os pequenos traballos de investigación feitos ó longo de todo o curso foron enchendo os corredores dos distintos niveis, ata chegar a maio onde todo se adornou un chisco máis para dar paso á Expo.

Moitos dos traballos, gravacións, vídeos colgáronse tanto no blogue <http://blogdeleovalesvillamarin.blogspot.com.es/> coma na páxina web do colexio <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/> e incluso nos atrevemos co Facebook. O noso blogue ten distintas lapelas e moitos traballos colgados se non se poñen na páxina principal, na que abre por defecto, a xente non os mira. Temo iso coma asignatura pendiente.

Aparecemos en varios artigos do xornal local <http://www.comerciodebetanzos.com/imxd/media/doc/1480765843DICIEMBRE16.pdf>
http://www.comerciodebetanzos.com/imxd/media/doc/1488966430WEB_MARZO_17_ID.pdf
http://www.comerciodebetanzos.com/imxd/media/doc/1494579817MULTIPAGINA_MAYO_17_ID_2.pdf


A explicación do PDI abriu as VI Xornadas de Atención a Diversidade organizadas polo noso centro.

A nosa orientadora Lucía Ruíz Casal, publicou en Eduga un artigo no que explica os orixes e intención deste proxecto. <http://www.edu.xunta.gal/eduga/1364/proxecciones/unha-longa-viaxe-na-procura-dunha-escola-cores>

9. AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

As diferentes actividades realizadas fóronse avaliando a través da observación e recollida de opinión de mestres e nenos nas distintas reunións de biblioteca e dos equipos, tanto nas de carácter formal coma nas de carácter máis informal.

Avaliamos a consecución dos obxectivos, a organización, a comunicación da información ós distintos niveis (moi importante no noso centro polo seu tamaño), a participación, o grao de



satisfacción do alumnado e profesorado. Todo isto fómolo facendo de forma continua para ir intentando facer mellor cada vez, en cada actividade.

A final de curso enviamos unha enquisa as mestras e mestres para avaliar o PDI, entre outros aspectos da biblioteca. Destacan como aspectos a mellorar: o final por ser apresurado, o ruído nos corredores á hora das exposicións,... e como positivo: a documentación e información proporcionada, a implicación e participación, coordinación e transmisión da información, a búsqueda de información por medio de distintos recursos, o traballo en equipo dos mestres, .

A avaliación do traballo de cada neno levouse a cabo por parte de cada titor como parte da súa programación.

Quédanos pendiente facilitar algunha rúbrica xeral para avaliar aspectos do PDI, como exposición oral, traballo en equipo, elaboración de textos...

10 FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

O equipo de biblioteca foi o encargado de deseñar e presentar a comunidade educativa o PDI así como, explicar en que consistía e animalos a participar.

A idea xurde, como xa explicamos, das reunións entre as coordinadoras dos distintos equipos, pero a concreción, as actividades, a organización e froito do traballo do equipo de biblioteca.

Proporcionamos recursos tanto bibliográficos como dixitais, editamos vídeos, Calameos,... cos traballos presentados polos distintos niveis.

Escribimos cartas motivadoras de Leo e Mariña, puxémosnos en contacto con Emilio Pita para facer o globo e coordinamos a súa elaboración.

Deseñamos e coordinamos a actividade final da Expo.

En Betanzos, a 5 de xullo de 2017

Alejandro Sánchez Amado

Director do CEIP Francisco Vales Villamarín